

# De aquí o xerme saíu. Presenzas galegas de Camões





## A orixe galega de Camões



**M**anuel Severim de Faria é o primeiro biógrafo que sinala a procedencia de Camões. Na súa “Vida de Luís de Camoens”, incluída no volume *Discursos Vários Políticos* (1624), indica que Vasco Pérez de Camoens, vinculado á liñaxe dos Caamaño, foi un dos seus devanceiros.

Severim de Faria explica que Vasco Pérez de Camoens se refuxiou en Portugal tras apoiar o rei Fernando I no seu enfrontamento dinástico con Henrique de Trastámara, logo da morte de Pedro I, e sitúa a casa nobre dos Caamaño na torna de Fisterra.



Manuel de Faria e Sousa, na “Vida del poeta”, incorporada á súa edición anotada d’*Os Lusíadas* (1639), identifica tamén a Vasco Pérez de Camoens como antepasado do escritor e localiza a residencia dos Caamaño en Noia e Rubiáns, preto de Vilagarcía de Arousa.

O padre Sarmiento é o primeiro autor galego que se ocupa da súa xenealoxía, tema que aborda de maneira recorrente ao longo da súa ampla obra. Seguindo a Faria e Sousa, sostén a ligazón de Camões cos Caamaño.


O frade bieito engade como novidade a condición de poeta de Vasco Pérez de Camoens, a partir do testemuño do marqués de Santillana no *Prohemio e carta* ao condestable don Pedro de Portugal.

No século XIX, outros autores galegos afondan na súa proxenie, como José Verea y Aguiar (1838) e José López de la Vega (1862). Este conclúe de forma categórica: “Camões, pues, descende de Galicia y es apellido gallego portuguésado”.

Despois, diversos investigadores realizan a raíz galega do poeta, entre eles Teodosio Vesteiro Torres (1874), José Pardiñas (1887), Justo E. Areal Barros (1899) e Manuel Lugris Freire (1905). Sobresae Xosé Filgueira Valverde, quen dedicou numerosos traballos a esta cuestión. Publicou o primeiro, a idade moi nova, en *Diario de Pontevedra* (1924).

Desde a aparición do estudo “Sobre o nome de Camões”, do notario e filólogo Joaquim da Silveira, na revista coimbrá *Biblos* (1927), comezou a establecerse a relación do antropónimo Camões coa parroquia de Camos, nas terras de Nigrán.

Desde Galicia, achegas posteriores, como as de Enrique Fernández Villamil (1953) e Manuel Fernández Rodríguez (1956), reforzan a identificación deste lugar como o seu berce orixinario.



# De aquí o xerme saíu. Presenzas galegas de Camões



## Camões como referencia na cultura galega



Camões está presente como referencia entre nós a través dunha serie de liñas de forza. En primeiro lugar, cómpre pór de relevo as numerosas aproximacións ensaísticas á súa vida e á súa obra.

Manuel Murguía publica o estudo “Camões y sus rimas”, dedicado á poesía lírica camoniana, en *El Museo Universal* (1860), que anos máis tarde foi reproducido en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1880).

O acontecemento máis notable antes de 1936 é a homenaxe que lle tributa a Real Academia Galega con motivo do IV centenario do seu nacemento, onde participou o poeta simbolista portugués Eugénio de Castro.



Eugénio de Castro

Nunha reportaxe sobre este acto n’*A Nosa Terra* (1924), reflíctese a adopción de Camões desde Galicia a partir de tres argumentos: o seu sangue galego, a irmandade das linguas galega e portuguesa e o valor d’*Os Lusíadas* como espello para a recuperación da personalidade propia.




Manuel Murguía

Unha segunda liña de forza é o conxunto de homenaxes poéticas consagradas a Camões. O cura de Fruíme chámalle, nun verso elocuente, “el derretido y el tierno”. Francisco Añón compón os poemas “A Lisboa” e “En la inauguración de la estatua de Camoens”, mentres que José López de la Vega lle dedica “Un recuerdo a Camões”.

O tributo poético máis sobranceiro é “Dend’as fartas orelas do Mondego”, de Rosalía de Castro, unha das súas últimas creacións en galego, que apareceu no número extraordinario *Portugal a Camões de Jornal de Viagens* (1880). No remate, a autora declárase “unha alma dos teus versos namorada”, en alusión a el, e envía, “dende a terra onde os teus foron”, a ofrenda dunha “lembianza doce / envolta nunha bágoa”.

Outra liña de forza xira arredor da existencia de dous sonetos en galego atribuídos a Camões: “Alá em Monte Rey, em Bal de Leça” e “Porque me faz Amor inda acá torto?”, publicados por vez primeira como tales na edición *Tercera parte das Rimas* (1668), de Antón Álvarez da Cunha.

A pesar da súa autoría controvertida, Florencio Vaamonde Lores, en *Resumo da Historia de Galicia* (1898), e Eugenio Carré Aldao, en *Literatura gallega* (1911), consideran “Alá em Monte Rey, em Bal de Leça” un texto galego.



Manuel Curros Enríquez

Unha última liña de forza está constituída polas traducións para o galego de textos camonianos. Curros Enríquez e Alberto García Ferreiro trasladaron as “Endechas a Bárbara escrava”. Rexístranse tamén dúas versións do célebre soneto “Alma minha gentil, que te partiste”, unha de Ramón del Valle, pai de Ramón María del Valle-Inclán, e outra anónima.



En 1934 inaugurouse na praza de Portugal de Vigo un busto de Luís Vaz de Camões realizado por José Souza Caldas



# De aquí o xerme saíu. Presenzas galegas de Camões




## Camões como influencia nas letras galegas



**N**o que atinxe ás pegadas de Camões na creación literaria galega, é preciso distinguir entre as imitacións no ámbito lírico e as emulacións no xénero épico.

Durante os Séculos Escuros resulta evidente o alento dos sonetos “Correm turbas as agoas deste río” e “Estava o lascivo e doce passarinho”, respectivamente, en “Turbas corran as agoas, poña luto” (1611), de Xoán Gómez Tonel, e “Viche Filida amada, o pajarinho”, de Xosé Andrés Cornide e Saavedra.

No Rexurdimento atópanse ecos de “Sóbolos rios que vão” na coñecida poesía “A campana d’Anllóns”, de Eduardo Pondal, especialmente na súa versión ampliada (1895), así como de “Descalça vai para a fonte” e “Na fonte está Leonor” en “Roxiña cal sol dourado”, de Rosalía de Castro, pertencente a *Cantares gallegos* (1863).



Antón Noriega Varela

No século XX, Antón Noriega Varela inspirárase en “Alma minha gentil, que te partiste” para o soneto elexiaco “Fillo do corazón, que nas meniñas”, forxado tras a morte do seu fillo e recollido en *Montañesas* (1904).

Así mesmo, Fermín Bouza-Brey reconece o vate portugués como autor predilecto, mentres que Aquilino Iglesia Alvariño, no seu libro inaugural *Señardá* (1930), amosa trazas formais e temáticas procedentes dos sonetos camonianos.

Dun modo distinto, o influxo do Camões épico concretase a través da emulación. Probablemente o primeiro poema galego que recrea *Os Lusíadas* sexa *Leenda de gloria* (1891), de Alberto García Ferreiro, inspirado nun episodio da historia galega: a resistencia da Coruña, dirixida por María Pita, fronte ás tropas de Francis Drake.

Pouco despois, Florencio Vaamonde Lores dá ao prelo *Os calaicos* (1894), onde a heroína volve ocupar un lugar central. Para Uxío Carré Aldao, os seus versos “parecen moldearse en los mismos troqueles en que el gran Camoens fundió las octavas de *Os Lusíadas*”.




A proposta máis ambiciosa dentro desta serie de tentativas por acadar unha epopea comparable á de Camões é, sen dúbida, *Os Eoas*, de Eduardo Pondal.

O impacto d’*Os Lusíadas* maniféstase aquí no contido, na métrica, no estilo e na estrutura.

Nunha etapa máis recente, Camões continúa a ser fonte de inspiración para distintas voces galegas. Así, Xosé Luís Méndez Ferrín evoca un verso seu nunha das seccións de *Con pólvora e magnolias* (1976), e Marilar Aleixandre lembra o soneto “No mundo poucos anos e cansados” no conto “A luz do día escura”, incluído en *Lobos nas illas* (1996).

*Liuz de Camoens, Principe dos Poetas Epicos da  
anno de 1574, de Mestre Provedor, sendo mestre  
Cavaleiro, papou a L. e onde os deu acenhor milhor fi  
ni q nao rapimentate os reveses da fortuna, pois fui  
lla de sustarem, ate q apentando frouca de voluhtun  
dignas dememorria. Em hum Com. Vate. Naval, q teve a  
V. Hou a L. e como nao premiarem os seus grandes  
Pitrua embarcando para a Asia em 1553. E depois a  
em varios expedientes, foi desterrado p. a Macao em 1553.  
Nesta viagem naufragou, poron conseguiu salvar a  
Macao e frouca de Provedor. Mas dos defuntos voltou  
ainda favoravel, embarcou p. o Reino. Chegou emfim a Lisboa em 1569, nem as suas o  
nem as suas froucas e remissio da polia a frouca morre n' um Hospital no anno  
1579. Foi sepultado na Igreja e Parochia gentio, no doamento de L. 1.ª Anna de Luit*




# De aquí o xerme saíu. Presenzas galegas de Camões



## Camões na Fundación Penzol

Na Fundación Penzol consérvase un valioso fondo bibliográfico referido tanto ao patrimonio literario de Camões como aos estudos sobre a súa produción. xunto con abondosos materiais relacionados coa recepción da súa figura en Galicia.

Debe mencionarse, ademais, que na Casa Galega da Cultura se custodiaba un extraordinario exemplar d'Os Lusíadas con anotacións marxinais autógrafas de Eduardo Pondal. Trátase dunha reimpresión de 1891 da coñecida edición preparada por Inocencio Francisco da Silva, que viu a luz orixinalmente en 1874.



Este importante volume pertencera anteriormente a Fermín Bouza-Brey, recibido como agasallo de Ramón Martínez López, e foi empregado detidamente para o seu estudo "Camoens e Pondal", publicado na revista Nós (1935).



Como fondos de arquivo, é necesario salientar que se garda un documento de especial relevancia relacionado directamente con Vasco Pérez de Camoens, tataravó do insigne poeta: un privilexio de Henrique III, fillo de Xoán I e neto de Henrique de Trastámara, datado en 1393.

Alén diso, hai que destacar que existen dúas versións autógrafas do soneto "En la inauguración de la estatua a Camoens", de Francisco Añón, ambas do ano 1867, composto en homenaxe ao escritor.



Por outra parte, deben resaltarse diversos traballos orixinais do filólogo e camonista portugués Manuel Rodrigues Lapa, cuxo acervo foi doado á Fundación Penzol, algúns deles inéditos. Poden citarse, entre outros, "Gramática histórica da lingua portuguesa: A lingua de Camões na súa relación com o latín", "Lírica de Camões. Florilégio" (1935), "Camões e Pessoa. A oriundeza galega do autor de Mensagem" (1972) e "Palestra sobre Camões: Camões para todos" (1980).

Aínda hai que aludir a un minucioso estudo de Xosé María Álvarez Blázquez titulado "Nuevos datos biográficos del trovador Vasco Pérez de Camoens" (1952).



Edición que pertenceu a Eduardo Pondal. Actualmente depositada no Museo Francisco Fernández del Riego

UNHA PRODUCCIÓN DE Merlín Comunicación / Editorial Galaxia  
PARA A Fundación Penzol e o Consello da Cultura Galega  
COMISARIADO: Xosé Manuel Dasilva / Xosé Manuel Soutullo  
DESEÑO E MAQUETAXE: Hayat Husein DOCUMENTACIÓN: Benito Ramírez  
/ Pilar Vilaboy / Rosa Bordallo / Mercedes Sotelo  
COORDINACIÓN DA PRODUCCIÓN: Xesús Domínguez Dono  
IMPRESIÓN: CdeC

A exposición "De aquí o xerme saíu. Presenzas galegas de Camões" inaugurouse na xornada homónima organizada pola Fundación Penzol, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e A Estrutura de Missão para as Comemoracións do V Centenario do Nacemento de Luís de Camões, celebrada o 15 de xuño de 2026 en Vigo.

